



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Xullo 2023

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Xullo 2023


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un incremento do 3,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 4,5 puntos á do mes de xuño. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 1,5%, 2,3 puntos máis que no mes anterior.
- En catorce comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de xullo.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,3% e en España un 1,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de xullo.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un incremento do 3,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 4,5 puntos á do mes de xuño. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 1,5%, 2,3 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 6,3%, suma 4,5 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 2,2% e restan 0,6 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* diminúe o 0,6% e nos *Outros servizos* aumenta o 5,4%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 6,5%, co que achega 3,1 puntos a taxa de variación do índice xeral; o *Comercio ao retalho* aumenta o 4,2% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 13,7%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 6,7% mentres que o *Comercio ao retalho* aumenta o 7,9% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 17,7%.

Os *Outros servizos* diminúen a cifra de negocios en Galicia o 2,2%. Esta caída ven motivada polo *Transporte*, que diminúe a súa facturación o 9,2%, co que resta 1,3 puntos a taxa interanual. O maior incremento rexístrase na *Hostalería* (17,2%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 5,4%. O *Transporte* tamén rexistra unha taxa negativa, -3,6%. Os maiores incrementos acádanse en *Información e comunicacións* (11,7%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (12,3%).

Nos sete primeiros meses do ano, o índice xeral crece un 6,8% en Galicia, máis que en España (4,3%). Os maiores incrementos en Galicia rexístranse no *Comercio por xunto* (9,1%) e na *Hostalería* (17,2%). En España, os maiores crecementos rexístranse en *Venta e reparación de vehículos de motor* (18,6%), *Hostalería* (12,4%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (11,4%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 5,2% no mes de xullo.

Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Transporte* (-2,8%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-6,9%); o maior incremento preséntase na *Hostalería* (16,0%).


No que vai de ano, o índice amosa un crecemento do 7,5%. Todos os sectores rexistran taxas positivas: o maior incremento obsérvase na *Hostalería* (16,6%)

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 3,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB crece o 5,1%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de xullo a cifra de negocios aumenta en catorce comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores crecementos danse en Illes Balears (11,5%) e Castilla - La Mancha (6,5%). As comunidades onde diminúe a cifra de negocios son Madrid (-1,8%), Navarra (-1,5%) e Aragón (-0,7%).

No que vai de ano, todas as comunidades rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (15,8%) e Canarias (9,6%) e a taxa máis baixa prodúcese en Madrid (0,1%).

Índices de cifra de negocios. Xullo 2023

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,3% respecto ao mes de xullo de 2022, menos que en España (1,9%).

O persoal ocupado crece un 1,2% no *Comercio* e un 1,5% nos *Outros servizos*. Os maiores incrementos danse en *Comercio por xunto* (2,9%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (2,7%). As actividades con redución de emprego son *Venta e reparación de vehículos de motor* (-3,6%) e *Transporte* (-0,7%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores crecementos rexístranse en *Información e comunicacións* (3,5%) e *Transporte* (3,0%).



No acumulado de ano, o emprego aumenta un 1,0% en Galicia, un punto menos que no conxunto do Estado (2,0%).


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas aumenta o emprego no sector servizos no mes de xullo. As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (4,5%) e Madrid (2,8%). A taxa máis baixas obsérvase en Cantabria (0,1%).

No que vai de ano, os maiores incrementos do emprego danse en Illes Balears (6,1%) e Canarias (3,5%). A única comunidade que perde persoal ocupado é Cantabria (-0,5%).

Índices de persoal ocupado. Xullo 2023

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xullo 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	179,4	3,9	6,8
Comercio	174,8	6,3	8,6
Venta e reparación de vehículos de motor	126,4	13,7	8,1
Comercio por xunto	192,7	6,5	9,1
Comercio ao retallo	141,2	4,2	6,7
Outros servizos	192,5	-2,2	2,1
Transporte	250,7	-9,2	-2,4
Hostalería	181,4	17,2	17,2
Información e comunicacións	134,0	2,6	0,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	152,8	4,5	6,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	132,8	-2,8	9,0
España			
Xeral	153,1	1,5	4,3
Comercio	152,0	-0,6	2,6
Venta e reparación de vehículos de motor	155,9	17,7	18,6
Comercio por xunto	154,5	-6,7	-2,3
Comercio ao retallo	145,3	7,9	9,9
Outros servizos	155,2	5,4	7,8
Transporte	147,8	-3,6	2,6
Hostalería	168,4	6,3	12,4
Información e comunicacións	131,4	11,7	7,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	171,1	12,3	10,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	166,5	5,8	11,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xullo 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	168,7	5,2	7,5
Comercio	163,5	6,4	8,2
Transporte	207,1	-2,8	3,4
Hostalería	188,5	16,0	16,6
Información e comunicacións	138,7	3,2	1,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	146,7	6,0	2,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	124,2	-6,9	3,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xullo 2023**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	153,1	1,5	4,3
Andalucía	149,2	4,1	7,7
Aragón	152,9	-0,7	4,7
Asturias	155,4	6,4	8,8
Balears, Illes	212,5	11,5	15,8
Canarias	143,4	1,8	9,6
Cantabria	165,0	3,1	5,7
Castilla y León	135,5	1,1	3,8
Castilla-La Mancha	153,9	6,5	7,0
Cataluña	149,7	2,6	5,2
Comunitat Valenciana	157,9	0,7	3,4
Extremadura	155,3	1,5	5,5
GALICIA	179,4	3,9	6,8
Madrid	150,6	-1,8	0,1
Murcia	146,8	1,3	6,1
Navarra	149,2	-1,5	2,4
País Vasco	149,4	1,4	4,6
Rioja, La	162,3	6,4	6,0

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xullo 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	111,6	1,3	1,0
Comercio	112,9	1,2	1,2
Venta e reparación de vehículos de motor	93,3	-3,6	-2,9
Comercio por xunto	126,5	2,9	2,4
Comercio ao retallo	109,2	0,9	1,2
Outros servizos	110,5	1,5	0,8
Transporte	99,5	-0,7	-1,1
Hostalería	106,5	1,5	1,2
Información e comunicacións	120,1	2,2	2,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	116,1	2,7	3,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,2	2,0	-0,6
España			
Xeral	113,4	1,9	2,0
Comercio	110,4	2,0	1,7
Venta e reparación de vehículos de motor	107,0	1,1	1,2
Comercio por xunto	111,9	2,2	1,7
Comercio ao retallo	110,0	1,9	1,7
Outros servizos	115,3	1,8	2,1
Transporte	114,6	3,0	3,2
Hostalería	110,9	1,5	2,8
Información e comunicacións	123,6	3,5	4,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	114,6	2,5	2,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,2	0,1	-0,6

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xullo 2023**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	113,4	1,9	2,0
Andalucía	109,9	1,5	1,7
Aragón	111,5	1,0	0,2
Asturias	110,6	1,3	1,3
Baleares, Illes	139,7	4,5	6,1
Canarias	108,8	2,4	3,5
Cantabria	111,7	0,1	-0,5
Castilla y León	105,5	1,3	0,6
Castilla-La Mancha	113,8	1,5	1,9
Cataluña	116,6	1,3	1,7
Comunitat Valenciana	111,1	1,7	0,7
Extremadura	112,4	1,1	1,7
GALICIA	111,6	1,3	1,0
Madrid	114,2	2,8	3,1
Murcia	123,4	1,9	2,1
Navarra	112,1	2,6	1,3
País Vasco	107,0	2,0	1,5
Rioja, La	110,0	1,3	1,0

Fonte:INE